

## TRABALLO DE APOIO

1. Os galegos de principios do século XX séntense moi identificados coas normas que se establecen para o galego formal?

En caso de resposta afirmativa, explica por que.

En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

2. O galego formal acode a principios de século ao léxico portugués?

En caso de resposta afirmativa, explica por que.

En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

3. Caracterizan a sociedade galega do século XX a concentración do poder económico, o feudalismo rural e a emigración?

En caso de resposta afirmativa, explica por que.

En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

4. Acada o galego grande prestixio na época franquista?

En caso de resposta afirmativa, explica por que.

En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

5. Ao final da Guerra Civil a situación do galego viuse agravada?

En caso de resposta afirmativa, explica por que.

En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

6. Resistiu o galego as imposicións franquistas?

En caso de resposta afirmativa, explica por que.

En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

7. As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* viñeron, nos anos oitenta, a rematar co conflito da normativización?

En caso de resposta afirmativa, explica por que.

En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

8. Contribúe a edición de libros destinados aos lectores máis novos en coleccións infantís e xuvenís á normalización da nosa literatura?

En caso de resposta afirmativa, explica por que.

En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

9. Perde o galego falantes como lingua vehicular, habitual ou materna?

En caso de resposta afirmativa, explica por que.

En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

### Solucións:

1. Se respondiches si , erraches a resposta. Non (como se afirma no último parágrafo do apartado 1.1)
2. Si, para resolver problemas de carencia de léxico, do mesmo xeito que se recupera léxico arcaico.
3. Si. A sociedade galega dos comezos do XX seguía a caracterizarse pola concentración do poder económico en sectores minoritarios, por un sistema agrícola aínda feudal e por unha crecente emigración que ía baleirando o país.
4. Se respondiches si, erraches a resposta. Non (como se afirma no primeiro parágrafo do apartado 2.1)
5. Si. A situación social do galego viuse agravada coa obrigatoriedade da escolarización no nivel básico e, posteriormente, coa popularización dos medios de comunicación, que tiñan o castelán como único vehículo de expresión.
6. Si, pois o contexto adverso non logrou apagar o espírito do galeguismo, que, timidamente, comeza a se manifestar no ámbito cultural. En 1946-47 publícanse catro obras de poesía. Pasos decisivos foron a colección de poesía “Benito Soto”, a editorial Bibliófilos Galegos e o suplemento semanal bilingüe do xornal santiagués *La Noche*.  
A peza clave na que se asenta esta recuperación dos usos escritos é a creación da Editorial Galaxia en 1950.
7. Si, pois a RAG e o ILG chegan a un consenso, elaboran as Normas e o Parlamento Galego apróbaas a principio dos oitenta.
8. Si, a edición de libros destinados aos lectores máis novos en coleccións infantís (Merlín, Sotelo Blanco Infantil, etc) e xuvenís (Xabarín, Doce por vintedous, Fóra de xogo, Gaivota, Árbore, etc.) é unha das grandes contribucións á normalización da nosa literatura.
9. Si, segundo os estudos actuais da Sociolingüística galega, observamos que hai unha mellora canto a actitudes e melloras importantes na capacidade lectora; mais a nivel de lingua vehicular ou habitual -e tamén como lingua materna-, o idioma galego perde falantes actualmente, de maneira que nas novas xeracións xa hai máis castelán-falantes que galego-falantes